

Galaxia vén de reeditar *Fascinio* de Chus Pato (Ourense, 1955), poemario de copiosas lecturas, mais tamén de atormentados lirismos. Hai que advertir que é necesario un acopio cultural importante para se adentrar no miolo desta poética esgazada. Porque, efectivamente, estamos diante dunha poesía esgazada que se fragmenta e rompe, que se interrompe e disgrega, que vai dun pensamento a outro, dunha localidade a outra, dun tempo a outro tempo nun espazo infinitesimal. Dun verso a outro podemos pasar da Franza do Renacemento á Alemaña do nazismo, de Manoel Antonio a Baudelaire ("pondo o noso infinito no finito dos mares" como escribiu Gonzalo Navaza na súa espléndida tradución do simbolista), de Irmgard Möller (integrante da Fracción do Exército Vermello) a Sylvia Plath...

Unha vez superada esta prevención ou este aviso, hai que se adentrar nesta selva poética con paciente erudición e libre de precon-

ceptos. Aquí ofrécense banquetes de delirio en versos curtos (derivados do "Triste Stephen" ferriniano); anacos de teses filosóficas, gnósticas, orientais, dialécticas, inseridas nun discurso de realismo situacional; citacións de diversos autores coa emanación de sentimentos que traspasan o corazón da poeta. O seu primeiro tema, portanto, será o

*Banquetes de
delirio ofrecidos en
versos curtos*

Atormentados lirismos

Con beleza innumerábel

ROMÁN RAÑA

da desposesión. O trauma da perda da propia lingua, das terras herdadas, da infancia que se foi, das cousas que para sempre se perderon. Un pasado devoto marcado polo rural, polas tarefas agrícolas. En segundo lugar, a condición esmagada da muller que se quer emancipar en todo tempo e lugar. Tamén a dureza dos fascismos que perpasan numerosas composicións como en "Louise Labé é un verso" que resume estes dous temas: a vindicación da muller e a irrupción do nazismo.

Desde unha perspectiva formal, o que impera nesta



obra é o recurso da enumeración caótica. Lembremos que o caos non significa desorde. Nesta obra todo está ordenado. O verdadeiro significado do caos é o impredecíbel, neste caso o non dicíbel ou, se se prefire, o inefábel ou o que non se quer dicir. Caos deriva da raíz *ghen* do protoindoeuropeo, que designaba o oco, o moi aberto e, efectivamente, aquí estamos perante o moi aberto, a plurisignificación, mais tamén o oco útil de que falaba Lao Tse no *Dao De Ying*. Este procedemento poético foi levado ás últimas consecuencias por Ezra Pound e neste volume tamén apreciamos a súa pegada denunciatoria da usura e da explotación desde unha óptica que acaba sendo visionaria. Chus Pato enriquece este procedemento empapándoo coa súa dilacerada sentimentalidade. Un libro, pois, de beleza innumerábel que, como o título indica, nos fascina.

PATO, Chus, Fascinio, Ed. Galaxia, Vigo, 2010, PVP11, 50 €